

OBRIGAS EN MATERIA LABORAL PARA 2024

Dentro do primeiro paquete de medidas impulsado polo goberno para 2024 encontramos novidades en materia laboral como:

-Obriga de cotizar polos **becarios** en prácticas a partires do 01 de xaneiro de 2024 tanto si se trata de prácticas remuneradas ou non.

-As empresas poderán bonificar os contratos de **interinidade** celebrados para substituir as persoas traballadoras en situación de risco durante o embarazo así como os descansos por maternidade aínda que se trate da mesma persoa substituta.

-Aumento do **MEI** (Mecanismo de Equidad Intergeneracional para garantir as pensións) dun 0,6% a un 0,7% tanto para empresas (0,58% empresa e 0,12% traballador) como para autónomos.

-Os traballadores poderán disfrutar do permiso de **lactancia** acumulado con independencia do que establezca o convenio colectivo de aplicación da empresa.

-Prórroga temporal da vixencia do **SMI** do 2023 establecido actualmente en 1.080 euros/mes.

-Obriga de dispor dun plan **LGTBI** para aquelas empresas con + de 50 traballadores antes do 02 de marzo de 2024, para alcanzar a igualdade real e efectiva deste colectivo.

-A partires de xaneiro de 2024 todas as empresas de + de **50 traballadores** deberán contar cun canal de denuncias interno para cumprir coas obrigas de ética e transparencia laboral que esixe a normativa.